



A Academia Xacobeá, en colaboración coa Dirección Xeral de Políticas Culturais e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e co patrocinio de Aluminios Cortizo, convoca o I PREMIO DE ENSAIO “CAMIÑO DE SANTIAGO”, co fin de promover e divulgar o Camiño de Santiago e o fenómeno xacobeo, cuxa obra gañadora será publicada pola Editorial Galaxia de acordo coas seguintes

BASES

1. A este premio poderán optar persoas de calquera lugar do mundo cun traballo escrito en castelán ou en galego, conforme ás normativas establecidas, en cada caso, pola Real Academia Española e a Real Academia Galega.

Os autores só poderán enviar un traballo a concurso, que deberá ser orixinal e inédito en todos os formatos e non poderá ter sido premiado noutros concursos, nin presentado como traballo científico ou académico ou como proxecto de investigación ante institucións públicas ou privadas (teses de mestría, doutoramento...).

2. Para os fins deste certame, considérase ensaio todo texto literario escrito en prosa no que o autor expón, analiza e examina con variados argumentos as súas ideas sobre o Camiño de Santiago e/ou o fenómeno xacobeo, co propósito de fixar posicións ao respecto, seguindo un estilo argumentativo propio. O ensaio estará estruturado cunha introdución, un desenvolvemento e unha conclusión, sen incluír a documentación consultada (bibliografía e outras fontes).

3. Será outorgado un único premio dotado con TRES MIL EUROS (3.000 euros) suxeitos ás retencións legais que resulten aplicables. O gañador ou gañadora recibirá tamén un diploma acreditativo e verá a súa obra publicada en castelán e galego. A obra en castelán será publicada pola Editorial Galaxia no seu selo Mar Maior e a obra en galego será publicada na colección literaria da Editorial Galaxia. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos de edición en papel e dixital en castelán e galego do texto gañador, incluídos os de publicación, distribución e explotación. Estes dereitos corresponden, en exclusiva, á Academia Xacobeá. Ademais farase entrega de vinte exemplares ao autor ou autora gañador.



Da mesma forma, establécese un accésit sen dotación económica para a mellor obra que non obteña o primeiro premio, á que se lle concederá tamén un diploma acreditativo. O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que os orixinais presentados non reúnen a calidade suficiente.

4. As obras presentaranse en papel e en soporte dixital (pendrive ou DVD) nun sobre xeral onde conste “*I Premio de Ensaio Camiño de Santiago*”. Os orixinais en papel serán enviados por duplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A4, polas dúas caras, numerados, grampados ou encadernados. O orixinal en soporte dixital será enviado en formato PDF.

A obra terá unha extensión mínima de 100 páxinas e máxima de 200 páxinas, a dobre espazo e letra arial 12, con marxes non superiores a 3 cm.

Incluirase outro sobre cerrado no sobre xeral cos seguintes datos no seu exterior: “*I Premio de Ensaio Camiño de Santiago*”, título da obra e un lema ou o pseudónimo da persoa que sexa a súa autora. Xuntarase no interior do sobre copia do documento nacional de identidade, enderezo, número de teléfono, correo electrónico do autor ou autora, ademais dunha breve nota biográfica para o caso de que publicase con anterioridade, e una declaración expresa de que a obra non foi premiada ata a data de presentación en ningún outro certame literario, nin obxecto de publicación, nin presentada como traballo científico ou académico ou como proxecto de investigación ante institucións públicas o privadas (teses de mestría, doutoramento...).

Ademais deberá incluírse no sobre xeral outro escrito no que conste a conformidade do autor ou autora á cesión dos dereitos de edición en papel e dixital en castelán e galego da súa obra para o caso de que resulte gañadora, incluídos os de publicación, distribución e explotación.

5. As obras enviaranse antes do 5 de setembro de 2020, ao seguinte enderezo:

Academia Xacobeá
Pazo de San Roque, número 2
15781 Santiago de Compostela

6. O xurado estará composto por cinco personalidades do mundo académico e da cultura designados pola Academia Xacobeá, un deles en representación da



Editorial Galaxia. Actuará como secretario do xurado, con voz e sen voto, unha persoa designada para tal efecto. A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Academia Xacobeá (www.academiaxacobeá.gal)

7. O xurado actuará en única sesión e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a correspondente acta.

8. O fallo do xurado será inapelable e farase público o xoves 19 de novembro de 2020. O premio será entregado nun acto oficial que terá lugar a mediados do mes de decembro do 2020, no que estarán presentes representantes da Academia Xacobeá e das institucións colaboradoras, da empresa patrocinadora e da editorial, así como os membros do xurado e o gañador ou gañadora. O día concreto farase público con antelación abonda na páxina web da Academia Xacobeá: www.academiaxacobeá.gal.

9. Non se terá correspondencia sobre a documentación presentada polos participantes. As obras non premiadas serán destruídas unha vez emitido o fallo do xurado co fin de garantir os dereitos dos autores sobre a orixinalidade da súa obra.

10. A presentación das obras supón a aceptación destas bases por parte das persoas que participen na convocatoria, que ademais teñen o deber de comunicarlle á Academia Xacobeá a concesión de calquera premio ou publicación que obteña a obra presentada durante o transcurso do premio e que producirá a automática exclusión dela.

11. A decisión sobre os aspectos non incluídos nestas bases ou aqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, correspóndelle á Academia Xacobeá, a cal, unha vez consultados os membros do xurado e as entidades colaboradoras, emitirá ditame que será inapelable.